


DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2022



FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

POETA DO AGRO



"Agros, mares e montes,
vilas, cibdades, cities, towns, aldeias,
os recantos do Mundo...
¡Todo é terra galega!
¡Galicia é infinda!"

Galicia infinda

XUNTA
DE GALICIA

Consellería de Cultura, Educación e Universidade
Secretaría Xeral de Política Lingüística

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Imprime: Anovada, SL
Santiago de Compostela, 2022

Depósito legal: C 454-2022

AUTORÍA:

Ulloa González, Felipe (coordinador)
Fernández Rodríguez, Jennifer
Gómez Fernández, Iago
Pérez Prieto, Laura Olga
Tato Vega, Andrea
Real Prieto, Rubén
Rodera Alonso, Alexandra

Coa participación de todo o alumnado e a colaboración da comunidade educativa do CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño de Rubiá (Ourense).
Agradecemento especial polas súas achegas a Julio Pérez Veiga.

ÍNDICE

• Presentación.....	06
---------------------	----

BIOGRAFÍAS

• Biografía de Florencio Manuel Delgado Gurriarán	07
• Biografía adaptada con pictogramas.....	09

ACTIVIDADES

• Actividades para educación infantil	12
• Actividades para 1º e 2º de educación primaria.....	17
• Actividades para 3º e 4º de educación primaria	23
• Actividades para 5º e 6º de educación primaria	28

FONTES E REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

• Bibliografía do autor.....	32
• Outra bibliografía empregada	33
• Webgrafía e outras fontes nas redes.....	33



Caricatura na casa da aldea de Córghomo.

PRESENTACIÓN

Con esta exposición pretendemos dar a coñecer a Florencio Delgado Gurriarán e brindarlle a nosa propia homenaxe desde o CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño de Rubiá, un centro educativo situado na comarca de Valdeorras, a terra natal que tanto amou e converteu no centro da súa obra.

Este é o resultado dun traballo coordinado entre todo o persoal docente e o alumnado. Toma como referencia a liña de proxectos de innovación educativa que se realizan na nosa escola desde hai anos, nos que a aprendizaxe activa ten como nexo común o emprego das artes plásticas e das metodoloxías que repercuten positivamente na calidade educativa.

Tras a recompilación da información relacionada co autor, buscamos a inspiración para amosar a súa vida e salientar o seu labor como escritor, editor e militante político e a relevancia que tivo para a cultura e a historia de Galicia.

Quixemos mostralo como o poeta de Valdeorras, o poeta da Galicia interior, da Galicia rural; de aí o título da exposición: Florencio Delgado Gurriarán, o poeta do agro. Cando lemos os seus versos, é coma se estivésemos diante da paisaxe valdeorresa, coa súa enorme riqueza e diversidade, cos seus paxaros, plantas, árbores, pedras, montes e regueiros. Nós quixemos que nos 10 carteis da exposición ocorrese o mesmo e, por iso, na súa elaboración usamos moi diversos materiais: lousa, pelouros dos regueiros, fentos, carriza, follas.

Empregamos tamén diferentes técnicas, mesturando imaxes de cores moi vivas e outras en branco e negro, para plasmarmos o contraste entre o presente e o tempo pasado pero vivo na memoria e o contraste entre os dous mundos, o da Galicia interior e o do exilio, nos que viviu o autor.

Creamos imaxes ou debuxos a partir de fotografías do autor, da súa familia, outras relacionadas co seu pensamento, coa temática da súa obra, ou alusivos a lugares nos que residiu ou por onde viaxou. Inserimos pequenos fragmentos ou versos dos seus poemas, palabras clave e datas, escenarios contextuais, ademais dos elementos relacionados coa paisaxe e a cultura valdeorresa e co exilio.

A lectura do libro de Ricardo Gurriarán foi básica para a planificación previa do noso traballo e inspirou gran parte dos títulos, a estrutura e contidos dos carteis. E estes inspiraron despois as propostas desta guía didáctica.

Descubre máis información a través dos carteis interactivos neste código QR:



BIOGRAFÍA DE FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN

Florencio M. Delgado Gurriarán naceu entre retortas cepeiras e vellos castiñeiros en Córghomo, unha aldea do concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras, o 27 de agosto de 1903. Foi o máis novo de seis irmáns. Un deles tamén se chamaba Florencio, mais morreu ao pouco de nacer e o noso poeta, como era costume na época, herdou o seu nome.

Aos seis anos marchou a Ourense e, aos dez, a Palencia; traslados forzosos, motivados polo traballo do seu pai, enxeñeiro agrónomo. Nesta última cidade empezou o bacharelato, que rematou en Valladolid, a onde se volvera mudar a familia. Alí cursa a carreira de Dereito, que remata en 1924.



F. Delgado Gurriarán
cun ano de idade.

Os veráns pasábaos en Valdeorras e iso permitiulle manter as súas raíces e a súa lingua, descubrir a obra de Rosalía de Castro e Curros Enríquez na biblioteca da súa casa e seguir sendo tamén un rapaz de aldea.

En 1928 regresa a Galicia. Traballa como pasante no bufete do avogado Segundo Trincado do Barco de Valdeorras e prepara a oposición para rexistrador da propiedade.

Florencio intégrase plenamente na vida da comarca. Participa nas comisións das festas patronais, xoga ao fútbol e organiza actividades culturais. Gustáballe a música e posuía unha voz que destacaba en todas as esmorgas e romarías da mocidade de Córghomo, e iso que este lugar sempre gozou dunha merecida fama de bos cantantes.

Aínda que xa empezara a escribir de cativo, foi nesta época cando comezou a publicar os primeiros versos nas revistas *Heraldo de Galicia* e *A Nosa Terra*. Desde entón nunca abandonou o hábito de asinar a miúdo con pseudónimos como Korgomófilo, Nadel, Porto do Río, Xan do Sil ou Río Miño.

En 1934, publicou o seu primeiro libro, *Bebedeira*, na editorial Nós. O obra, na liña de Amado Carballo, contén poesías que loan o viño, os montes, a fauna e a flora de Valdeorras. A crítica acolleuno ben.

O seu compromiso e o seu amor por Galicia levárono ao mundo da política. Foi membro das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista. Relaciónase con Otero Pedrayo, Alexandre Bóveda e Castelao e con eles asiste a mitins e participa na campaña a prol do Estatuto de autonomía.

En 1936, coa chegada da Guerra Civil, tivo que agocharse uns días en Zamora e Valladolid. Logo fuxiu a Portugal e, desde alí, a Francia. Dous anos despois viaxa a Barcelona. Alí, publica poemas de loita e de denuncia do franquismo e axúdalles a pasar a Portugal aos guerrilleiros agochados nos montes galegos.

En 1939, xa na fin da guerra, volve a Francia e organiza a marcha dos refuxiados a América Latina. En xuño, con case un milleiro de persoas máis, saíu no buque *Ipanema* con destino a México, onde traballou de vendedor de fertilizantes, zapatos e aceites e despois na farmacéutica Queralt Mir, casou con Celia, coa que tivo cinco fillos, e viviu o resto da súa vida.

No país de acollida participou activamente na vida cultural dos exiliados. Editou, con outros galegos entusiastas, a revista *Saudade*, que inclúe varios textos seus e colaborou no *Cancioneiro da loita galega*, publicado na capital azteca en 1943, no que aparece unha serie de poemas seus, asinados co pseudónimo de Nadel.

Xa a finais dos anos cincuenta, aparece a revista *Vieiros*, que fundou con outros tres galeguistas e que foi a máis importante do exilio galego en México. Tamén traduciu ao galego unha serie de poemas de autores franceses, coa que gañou un premio e que se publicaron no libro colectivo *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* en 1949.

No ano 1963, saíu do prelo *Galicie infinda*, con 43 poemas que abranguen máis de 20 anos de traballo. É un libro no que mestura composicións de temas moi diversos, entre elas varias de temática mexicana, realmente singulares.


En 1968, despois de máis de 30 anos, regresou a Valdeorras. Aínda volveu visitar a súa terra dúas veces máis: en 1976 e, por último, en 1981. Nesta ocasión nomeárono socio de honra do Instituto de Estudos Valdeorreses e membro correspondente da Real Academia Galega entre outros recoñecementos. Neste mesmo ano tamén apareceu *Cantarenas*, unha antoloxía que recolle poesías xa editadas en *Bebedeira* e *Galicie infinda*, xunto con outras máis recentes dedicadas ao viño.



En 1986, publicou *O soño do guieiro*, un poemario con moitas composicións de corte político, moi críticas coa ditadura de Franco.


O día 14 de maio de 1987, aos 84 anos, morreu en California, cando visitaba unha das súas fillas. As súas cinzas foron trasladadas ao seu Córrego querido, onde sempre quixo volver; alí repousan, no cemiterio parroquial.

"Terra a nosa!"
"Galego sempre"



BIOGRAFÍA ADAPTADA CON PICTOGRAMAS


Tamén podes descargar os seguintes pictogramas nesta ligazón:
<https://oguieirodeflorencio.blogspot.com/p/biografia-de-florencio-adaptada-con.html>



FLORENCIO NACEU EN CÓRGOMO NO ANO 1903.



ESTUDOU A CARREIRA DE DEREITO EN VALLADOLID.



EN 1928 REGRESOU A CÓRGOMO. ALÍ TRABALLOU DE AVOGADO.



A FLORENCIO GUSTÁBALLE CANTAR, XOGAR AO FÚTBOL E A POLÍTICA.




FOI MEMBRO DAS IRMANDADES DA FALA E DO PARTIDO GALEGUISTA.




EN 1934 PUBLICOU O SEU PRIMEIRO LIBRO DE POEMAS, *BEBEDEIRA*.




DESPOIS DA GUERRA FUXIU A MÉXICO.



ALÍ PARTICIPOU NA CREACIÓN DA REVISTA *VIEIROS* E ESCRIBIU



O SEU SEGUNDO LIBRO DE POEMAS, *GALICIA INFINDA*.




NAS SÚAS OBRAS VESE O SEU AMOR POR GALICIA E POLA LINGUA GALEGA.



VOLVEU DE VISITA A VALDEORRAS EN 1968, 1976 E 1981.



NESTE ANO FOI RECOÑECIDO COMO MEMBRO DA REAL ACADEMIA GALEGA.



MORREU EN CALIFORNIA CON 84 ANOS.

ACTIVIDADES

Todas as actividades desta guía pódense descargar, en formato PDF para imprimir en A4 e con fondo en branco, nas seguintes ligazóns, a través do blog *O guieiro de Florencio*, creado a propósito deste traballo, no que tamén atoparedes outros recursos extra:

- Ligazón para descargar as actividades de educación infantil: <https://oguieirodeflorencio.blogspot.com/2022/01/actividades-para-educacion-infantil.html> (cada actividade nunha ficha A4).
- Ligazón para descargar as actividades de educación primaria: <https://oguieirodeflorencio.blogspot.com/2022/01/actividades-para-educacion-primaria.html>

En todos os niveis hai actividades deseñadas para que todo o alumnado, de xeito inclusivo e non diferenciado, poida realizalas. E outras moitas poden ser facilmente adaptadas, xa que deben ser entendidas como propostas flexibles na súa aplicación. As seguintes iconas indican unha recomendación de agrupamento:



individual



parellas



equipo

Neste código QR atoparás 10 vídeos necesarios para realizar algunhas tarefas propostas.



<https://oguieirodeflorencio.blogspot.com/2022/01/audiovisuais-sobre-biografia-de.html>



ACTIVIDADES PARA EDUCACIÓN INFANTIL



- Completa coas vogais o nome e apelidos do autor. Escribeas ou emprega adhesivos con letras. Se te fixas nos carteis, poderás atopar a solución.


F L R N C

D L G D


G R R R N



- Esperta a túa creatividade. Enche o retrato de Florencio cos materiais que prefiras. Pinta, recorta, pega, moldea, estampa ou ponlle complementos. Ao carón, fai un debuxo do teu retrato.



- Nos carteis 2 e 8 aparecen imaxes da familia de Florencio. Adiviña en cal aparecen as irmás e os irmáns e en cal está coa muller e as súas fillas e fillos. Logo fai a túa propia árbore xenealóxica con fotografías ou debuxos da túa familia.





- Xogamos a "quen é quen"? Buscamos un autor moi coñecido. Pistas: ten lentes, pero non ten bigote nin barba e gústalle levar gravata de lazo. Quen é? Rodéao. Despois repasa os seus nomes e sinala cales aparecen no cartel 3.



CURROS ENRÍQUEZ



OTERO PEDRAYO



ROSALÍA DE CASTRO



CASTELAO




EDUARDO PONDAL



- Florencio escribiu poemas sobre o viño, as vides e outras plantas e árbores da súa terra. No cartel 4 aparece unha cepeira cunha froita típica de Valdeorras. Pica algúns bagos do acio ou pega neles papeis de diferentes cores e texturas por detrás. Tamén os podes encher con plastilina de cor morada e verde. Repasa as palabras punteadas.

ACIO

acio




UVAS


uvas



- Mira o cartel 5 e logo escoita o vídeo 5 correspondente, que podes atopar no blog [O guieiro de Florencio](#). Por cales outros lugares tivo que pasar Florencio ata chegar a Barcelona? Axúdalle no seguinte labirinto.



- Florencio empregou moitos medios de transporte para viaxar. Rodea os que aparecen nos carteis 5 e 7. Despois completa as palabras correspondentes coas vogais que faltan.




- Florencio tivo que fuxir a México despois da Guerra Civil. Enchede a bandeira deste país coas cores correspondentes. Deixade voar a vosa creatividade. Pode ser con plastilina, papeis de diferentes texturas, pinturas, estampando etc. Despois, coa axuda de Internet, localizade México en *Google maps*.






- Nas poesías de Florencio aparecen moitas flores e plantas. Fíxate no cartel 6. Que flores aparecen? Colorea as que correspondan. Trata de recitar ou cantar os versos que aparecen neste cartel sen trabucarte!



- Que instrumentos musicais aparecen no cartel 7? Debúxaos a partir das formas punteadas e dálles cor. Despois, entre todos e todas, inventade unha música ou un ritmo para os versos e cantádeos empregando, se é posible, estes instrumentos.





- Atopa as 5 diferenzas nestas imaxes do cartel 9. Escribe cantos libros de Florencio hai enriba da mesa.







- Toda a poesía de Delgado Gurriarán está tinguida do amor pola terra onde naceu. Fíxate no cartel 10 e compón o mapa da comarca de Valdeorras recortando estas pezas e pegándoas nunha cartolina. Despois colorea cada concello dunha cor diferente.



- Sabías que a biblioteca municipal do Barco de Valdeorras leva o nome de Florencio Delgado Gurriarán? Como se chama a biblioteca do teu concello ou comarca? Que podemos atopar nunha biblioteca? Rodea de verde as cousas que se poden atopar e risca en vermello as que non.



- Na obra de Florencio aparece moitas veces o castiñeiro ou a vide. Atópaos nos carteis. No seguinte debuxo, colorea as castañas de marrón, as follas de castiñeiro de amarelo, os acios de morado e as follas de cepeira de verde.



ACTIVIDADES PARA 1º E 2º DE PRIMARIA



- Que sabes de Florencio? Despois de ver os carteis e os vídeos, responde as preguntas do Kahoot que aparecen na seguinte ligazón: <https://oguieirodeflorencio.blogspot.com/2022/01/kahoot-conecendo-florencio.html>



- Serás quen de descubrir a palabra que falta?

A _ _ _ _ _: Comeza por A, profesión que exerceu Florencio no Barco de Valdeorras (ver vídeo do cartel 4).

B _ _ _ _ _: Comeza por B, libro escrito por Florencio (cartel 9).

C _ _ _ _ _: Comeza por C, aldea da comarca de Valdeorras onde naceu Florencio (cartel 2).

F _ _ _ _ _: Comeza por F, volveunos ver tras o seu regreso de México (ver vídeo do cartel 8).

G _ _ _ _ _: Comeza por G, a Florencio gustáballe debuxalos nos cadernos (ver vídeo do cartel 3).

M _ _ _ _ _: Comeza por M, lugar ao que fuxiu Florencio en barco para buscar un futuro mellor, lonxe das inxustizas da ditadura (ver vídeo do cartel 6).

N _ _ _ _: Comeza por N, pseudónimo que empregaba para ocultar a súa identidade (ver cartel 1).

O P _ _ _: Cidade de Portugal á que fuxiu Florencio na Guerra Civil (ver vídeo do cartel 5).

S _ _: Comeza por S, río importante para Florencio que aparece no poema (ver cartel 10).




V _ _ _ _ _: Comeza por V, revista na que participou Florencio, na cal criticou a xente que esquecía o galego para falar o castelán ou o castrapo (ver vídeo do cartel 7).



- Le o poema do cartel 3 e debuxa o que che suxire.





- Coa axuda do voso mestre ou mestra, elixide un poema de Florencio e recitádeo. Logo gravádeo co móbil e publicádeo no blog do colexio.



Código


[illegible]

Realizado con orange-pi-web.com





Une os puntos e descubre o medio de transporte que empregou Florencio para fuxir da guerra. Logo pensa: ese medio de transporte é parecido ao que aparece no debuxo ou ten diferenzas?



Realizado con picturedots.com




- Ordena as sílabas e escribe os títulos de tres libros que publicou Florencio Delgado Gurriarán. Logo escribe cantas sílabas ten cada título.

RA BE DEI RA BE		
LI GA CIA DA IN FIN		
NAS TA CAN RE		



- Florencio escribiu moitos poemas sobre a paisaxe da súa terra e nela hai moitas árbores e plantas típicas de Galicia. Sigue a serie cos debuxos e coloréaos. Sabes como se chaman as árbores ás que pertencen estes froitos?





- Delgado Gurriarán escribiu un poema dedicado aos nomes de lugares de Valdeorras e de México, como mostra do seu amor polas dúas terras. Localiza o nome dos concellos de Valdeorras na seguinte sopa de letras (cartel 10):

VILAMARTÍN	C	A	R	B	A	L	L	E	D	A
RUBIÁ	J	Q	O	B	A	R	C	O	N	E
A RÚA	V	I	L	A	M	A	R	T	Í	N
O BARCO	O	O	O	B	O	L	O	L	O	E
PETÍN	V	Y	K	Y	A	V	E	I	G	A
CARBALLEDA	R	U	B	I	Á	D	T	V	M	L
LAROUCO	Y	S	F	O	M	T	P	X	R	B
O BOLO	E	Z	L	A	R	O	U	C	O	V
A VEIGA	X	O	X	R	A	R	Ú	A	T	Z
	B	P	E	T	Í	N	R	J	U	E

Realizado con educima.com



- Florencio dedicoulle un poema ao río Farelos, que pasa pola súa aldea. Busca o cartel onde aparece. Logo, atopa as 5 diferenzas nas seguintes fotos deste río:





- Cal é o sentimento que tiña Florencio pola súa terra e pola lingua galega? Escolee o pictograma que mellor o represente.



- Neste exercicio tes o nome das revistas nas que colaborou Delgado Gurriarán en México, escritas en braille. Busca os códigos no blog [O guieiro de Florencio](#).



- Escoita o vídeo 2 e observa o cartel 6 para saber como era a familia de Florencio. Logo realiza a súa árbore xenealóxica:

FLORENCIO

PAI: F _ _ _ _ _

NAI: C _ _ _ _ _

IRMÁNS E IRMÁS: FLORENCIO, L _ _ _ _ ,
M _ _ _ _ , R _ _ _ _ ,
E _ _ _ _ _

MULLER: C _ _ _ _

FILLOS E FILLAS: F _ _ _ _ _ , C _ _ _ _ ,
M _ _ _ _ , L _ _ _ _ , C _ _ _ _



Localiza o cartel no que aparece un debuxo desta fotografía na que están algúns dos irmáns Delgado Gurriarán. Cal deles dirías que é Florencio? Pensa como eran as familias de antes. Os nenos e nenas tiñan máis irmás e irmáns que agora?



- Une as seguintes palabras relacionadas coa vida de Florencio cos signos que lles correspondan. No blog [O guieiro de Florencio](#) atoparás as claves do alfabeto dactilográfico.


NADEL

NÓS

CÓRGOMO

BEBEDEIRA

GUERRA



- Florencio Delgado Gurriarán é o poeta do agro porque escribiu moitos poemas que mostran o seu amor pola terra de Valdeorras á que sempre quixo volver. Neles aparecen moitos animais, árbores e plantas.

Buscade os animais, árbores e plantas que hai nestes versos seus do seu libro *Bebedeira*. Logo buscade en Internet fotos de cada animal, planta ou árbore e colocádea ao lado de cada estrofa para facer unha exposición.

As xestas e as uces
quéixanse do vento,
do vento, que brúa
nas arbres batendo.

Por namorarse o ventíño
da rosiña da roseira
deixou outra noiva (a póla
dun piñeiro) dando queixas.


A anduriña veu do mar
a voar, a voar;
na pousada do tellado
anda tola a parolar.

Na póla dun buxo
canta un rousinol;
a póla é o punteiro;
o paxaro, o fol.

Nos poemas de Florencio ás veces os animais e as plantas fan cousas propias das persoas. Adiviña que cousas propias das persoas fan os animais e plantas nestes versos.

ACTIVIDADES PARA 3º E 4º DE PRIMARIA

- Estes carteis sobre a vida de Florencio Delgado Gurriarán están rachados. Úneos correctamente, relacionando os acontecementos cos lugares onde sucederon.



- Delgado Gurriarán asinou algúns dos seus poemas con pseudónimos. Resolve o enigma coa axuda deste código e do cartel 1. Algúns pseudónimos usounos durante a Guerra Civil e na posguerra. Por que pensas que o faría?

A	B	C	D	E	F	G	H	I	K	L	M	N	Ñ	O	P	Q	R	S	T	U	V	X	Z
☆	♥	🔪	🌙	🔴	🔵	⚠️	➡️	👤	👤	👤	⚙️	📦	🌀	👤	👤	👤	👤	👤	👤	👤	👤	👤	👤



- No cartel 2 aparece un dos poemas que Florencio escribiu cando era novo. Máis tarde chamoulles "trangalladas de meniño". Que vos parece que quería dicir?

Meniño é unha palabra para nomear os nenos máis pequenos. Buscade sinónimos para os seguintes nomes. Despois, inventade un conto con estes nomes ou cos seus sinónimos:

NOME	SINÓNIMO
Meniño	
Regueiro	
Prados	
Aldea	
Serpe	
Cristal	
Castañal	



- No cartel 3 aparecen varios escritores que tamén foron homenaxeados polo Día das Letras Galegas. Tres deles están na seguinte táboa pero borráronselles as vogais. Escribide os nomes completos. Despois investigade en que ano foron homenaxeados.

R _ S _ L _ _ D _ C _ STR _
 _ D _ _ RD _ P _ ND _ L
 C _ RR _ S _ NR _ Q _ _ Z



- Nas poesías a miúdo aparecen adxectivos e substantivos. Nesta sopa de letras hai agochados seis substantivos que podes atopar nas estrofas do cartel 4. De que fala Gurriarán no poema? Debatede en grupo.

T	R	S	U	F	I	R	A	P	V
B	C	A	E	C	U	N	C	A	U
X	E	L	S	B	N	C	B	N	P
I	D	E	A	L	Ñ	G	O	Q	E
Ñ	Q	R	S	U	E	A	O	Ñ	E
T	U	T	M	A	V	O	L	X	G
G	O	S	G	O	T	N	E	V	I
E	G	E	A	V	O	T	B	Q	E
O	V	I	Ñ	O	E	U	A	X	H
U	G	H	E	Z	I	Z	C	M	A



- No cartel 5 aparecen os nomes de tres cidades nas que estivo Florencio ao comezar a Guerra Civil en 1936. Investiga a que países pertencen. Saberías dicir por que aparece un barco no cartel?



- Escoita con atención os vídeos 5 e 6. Por que Florencio tivo que fuxir de España despois da Guerra Civil? Como se lles chama ás persoas que teñen que fuxir do seu país en guerra? Sabes se hoxe en día hai algún país no que iso estea a acontecer? Fai unha breve redacción ou un vídeo nos que deas a túa opinión sobre este tema e expliques as túas respostas.



- Cal é o nome do concello no que naceu Florencio Delgado Gurriarán? Localízao no mapa do cartel número 10. Busca fotos del en Internet para saber como é nas distintas estacións do ano.



- Delgado Gurriarán escribiu varios traballos sobre a lingua galega e sobre a fala de Valdeorras, a súa terra natal. As persoas desta zona teñen un xeito propio de facer os plurais dos substantivos rematados en –ÓN, como o que aparece no cartel 6: “corazois”. Como cres que os valdeorreses pronunciarán o plural dos seguintes substantivos?

Lacón:		Canción:	
Pantalón:		Limón:	
Camión:		Cordón:	



- Ordena as letras e formarás catro substantivos que aparecen nos versos do cartel número 6.

R R E T A

A R O S E R I

X S L A E T O

R O L U R E O S I



- O cartel 7 ten por título a palabra morriña porque Florencio tiña moita morriña pola súa terra, tiña moitas ganas de volver a ela, coma moitos emigrantes. Morriña unha palabra triste, pero tamén unha das máis fermosas do galego. Escribide individualmente oito palabras galegas que vos parezan moi fermosas. Despois, en grupo, elaborade unha táboa clasificatoria cos resultados obtidos e coas catro máis repetidas compoñede unha poesía.



- Risca os traballos aos que non se dedicou Florencio Delgado Gurriarán en México:

- ☐ Vendedor de licores e augardente.
- ☐ Vendedor de fertilizantes.
- ☐ Vendedor de zapatos.

- ☐ Vendedor de coches.
- ☐ Vendedor de produtos farmacéuticos.
- ☐ Vendedor de aceites.



- Estes versos de Delgado Gurriarán perderon algunhas palabras. Rebusca nos carteis e complétaos. Logo pescuda na biografía e trata de adiviñar por que os escribiría e cando. Como pensas que se sentía Florencio nese momento? Por que?


"Nunha ridente _____
vai o _____, cara o meu _____,
tanxendo unha _____
coa _____ de _____"




- Resolve o xeróglifo e atoparás o nome dunha obra que publicou Florencio Delgado Gurriarán en 1963.



- Coa axuda da biografía, dos carteis e dos vídeos 3, 5 e 7 ordena cronoloxicamente do 1 ao 6 as cidades polas que pasou Florencio. Comenta cos compañeiros e coas compañeiras se visitastes algunha delas.



- O seguinte pictograma representa un dos versos que aparece no poema do cartel 2. Adiviña cal é.






- Florencio escribiu moitos poemas dedicados á natureza. Neles usa moitas personificacións: as cousas, os animais e as plantas teñen características propias dos seres humanos. Sublíñaas no seguinte fragmento dun poema de *Bebedeira*:

Voltas e viras,
Viras e voltas;
Bailan as casas;
Choutan as portas;
Danzan as pedras;
Corre o camiño...

A partir destes versos, debuxa unhas viñetas de banda deseñada.



- Buscade os títulos dos carteis 9 e 10 e escribídeos no sistema braille. Os códigos do sistema braille podedes atopalos no blog [O guieiro de Florencio](#).



- Florencio Delgado Gurriarán foi sempre moi crítico coas persoas que falaban castrapo. Sabes que é o castrapo? Busca a palabra no dicionario. Que linguas se mesturan no castrapo? Sabes se hai algunha fala máis que mesture palabras de distintos idiomas?



- Rodea cun círculo os nomes propios de vilas e aldeas de Galicia e risca os nomes incorrectos. Logo búscalos no mapa de Galicia.

O Carballiño	La Coruña
El Carballino	A Coruña
Viana del Bollo	Sanxenxo
Viana do Bolo	Sanxenjo
O Barco de Valdeorras	La Puebla de Trives
El Barco de Valdeorras	A Pobra de Trives

ACTIVIDADES PARA 5º E 6º DE PRIMARIA



- No cartel 1 aparecen varios pseudónimos cos que Florencio asinaba os seus escritos. Sabes que é un pseudónimo? Busca esta palabra no dicionario e fai unha oración na que a uses. Por que elixiría Florencio estes pseudónimos? E ti que pseudónimo elixirías para asinar un escrito?



- Mira o vídeo do cartel 2. Nel fálase dos comezos da vida de Florencio e das linguas que falaba. En que lingua empezou a falar? E a estudar? Tamén se menciona a "lingua materna". Acórdaste do que era unha lingua materna? Fai memoria que seguro que o estudaches durante o curso! Florencio comezou a súa educación de maneira un tanto especial. Onde comezou a estudar?



- No cartel 2 podemos atopar un poema de Florencio. De que está a falar nel? Sabías que este pequeno poema o escribiu sendo un rapaz? Inventa ti un sobre algún elemento da natureza ou da paisaxe que che guste da túa localidade.



- Mira o vídeo do cartel 3 e despois ordena cronoloxicamente os seguintes feitos da vida de Florencio Delgado Gurriarán:

	Remata o bacharelato en Valladolid.
	Comeza a estudar no Instituto General y Técnico.
	Chega a Palencia a estudar nos Maristas.
	Morre a súa nai.



- Acórdaste de cales eran as frases favoritas de Florencio? Algunha aparece no comezo desta guía. Cales son as frases favoritas túas? E as dos teus amigos? Inventa unha nova, coma se foses Florencio.



- Le e entoa o poema que aparece no cartel 3. Cal é a súa métrica e a súa rima? Este poema está relacionado cun sentimento moi propio de Galiza, cal é?



- Reparade no cartel 4. O poema está cheo de metáforas. Saberiades localizalas? En grupo, intentade inventar dous versos máis nos que tamén haxa algunha metáfora.



- No vídeo do cartel 4 fálase das cousas que lle gustaba facer a Florencio. Compartes algunha afección con este autor? Cales son as cousas que che gusta facer a ti e aos teus amigos e amigas?



- Fíxate ben no cartel 5. Nel aparece unha maleta, o nome de tres cidades e un medio de transporte marítimo. Todos estes elementos están relacionados co nome do cartel e coa vida de Florencio. Que pensas que simbolizan? Explica nunha breve redacción ou nun vídeo. Axúdate do vídeo 5 e tamén podes investigar en Internet.



- Lede o poema do cartel 6, entoando e poñéndolle sentimento. En grupo, pensade: que sentimento credes que inundaba a Florencio cando o escribiu?



- No vídeo do cartel 6 fálase dos “exiliados”. Busca o termo “exiliar” no dicionario e arrodea as palabras sinónimas.

Expatriar

Expulsar

Acoller

Repatriar

Desterrar

Regresar



- Serías capaz de atopar o refrán do cartel 7? Que pode significar?



- No ano 1981, Florencio volve a Galicia e aquí nomeárono membro correspondente da RAG. RAG é a sigla dunha institución. Sabes cal é o nome completo desta? Onde ten a súa sede? Cal é a súa función? Contesta axudándote do cartel e do vídeo 8.

En 1981 tamén foi nomeado membro de mérito do Instituto de Estudos Valdeorreses. Adiviña cal é a sigla desta institución e busca en que cartel aparece.



- Delgado Gurriarán gañou un premio nun concurso por traducir ao galego varios poemas de escritores franceses. Forman parte da obra colectiva *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*. Descubre, coa axuda da guía didáctica e do blog *O guieiro de Florencio*, en que cartel aparece un fragmento dun deses poemas e o seu título.




- A homenaxe das Letras Galegas deste ano é tamén unha homenaxe a todas as persoas que, como Florencio, tiveron que fuxir do noso país, pero que desde o exilio seguiron apoiando a nosa cultura e a nosa lingua. Investiga na biografía do autor e nos vídeos sobre os carteis e conta

algunha cousa que fixo Delgado Gurriarán pola cultura e a lingua galegas desde México.



- Completa o mapa do cartel 10 cos nomes de todos os concellos da comarca de Valdeorras. Rodea aquel no que naceu o autor homenaxeado das Letras Galegas 2022.



1		6	
2		7	
3		8	
4		9	
5			



- No vídeo do cartel 10 menciónanse dous elementos aos que lles puxeron o nome de Florencio Delgado Gurriarán. Cales son?



- Buscade, en Internet ou no blog [O guieiro de Florencio](#), fotos dos elementos da comarca valdeorresa e localízadeos no cartel 10: a torre do castelo do Bolo, o santuario das Ermidas, os miliarios de Larouco, a ponte de Sobradelo e a ponte da Cigarrosa. Descubride en que concello está cada un dos elementos que acabades de buscar.



- Delgado Gurriarán sempre defendeu os nomes enxebres galegos propios das vilas e aldeas da comarca de Valdeorras. Consideraba que eran parte da riqueza do galego e rexeitaba o costume que había de cambialos para o castelán ou o castrapo. Na seguinte ligazón podes escoitar como o cantautor Anxo Rei musicaliza o seu poema "Louvanza dos nomes enxebres": <https://youtu.be/Dsv23lIDpU0>.


Escribe máis exemplos que coñezas doutros nomes propios de vilas e cidades galegas que a xente cambia ás veces por nomes en castrapo ou en castelán.



- Florencio, ademais de poesía, tamén publicou artigos e ensaios nos xornais e revistas daquela época, algúns deles para amosar a importancia da lingua galega. En que lingua falas coa túa familia? E cos teus compañeiros e compañeiras do colexio? Debatede sobre o uso do galego tanto dentro como fóra das aulas e facede propostas para melloralo.
- Delgado Gurriarán tivo moitos traballos para gañar a vida, pero non descoidou nunca o labor cultural a prol da lingua e da cultura galegas. Dirixiu dúas importantes revistas desde o exilio. Búscaas no cartel 7. Pescuda na Rede sobre elas e logo contesta as seguintes preguntas:
 - Como se chamaban estas revistas? Busca eses nomes no dicionario. Por que cres que lles deron eses nomes?
 - Cantos números se publicaron de cada revista?
 - En que idiomas se publicaron?
 - En que país se editaron?
 - Escribe o nome dun autor ou dunha autora que colaborou nela.
- Na obra *Bebedeira* podemos ler poemas onde os seres inanimados da paisaxe valdeorresa cobran vida propia. Tratade de crear un poema ou un conto colectivo no que aparezan personificacións. Collede unha folla en branco e cadaquén escribe un verso ou unha frase.
- Completa a sopa de letras axudándote dos seguintes pictogramas; están relacionados con certos elementos que aparecen nos carteis 4, 5 e 7.



Y	B	Q	P	Q	J	C
H	A	D	L	Ú	A	S
M	R	G	T	Y	E	Z
S	C	C	O	F	R	E
M	O	R	R	I	Ñ	A
H	C	B	Y	R	O	F
M	U	M	U	V	A	Y



FONTES E REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BIBLIOGRAFÍA DO AUTOR

- Delgado Gurriarán, F. (1934). *Bebedeira*. Santiago de Compostela: Nós.
- Delgado Gurriarán, F. e outros (1943). *Cancioneiro da loita galega*. México: Publicación do Partido Galeguista.
- Delgado Gurriarán, F. (1963). *Galicia infinda*. Vigo: Galaxia.
- Delgado Gurriarán, F. (1981). *Cantarenas*. Sada: Edicións do Castro.
- Delgado Gurriarán, F. (1986). *O soño do guieiro*. Sada: Edicións do Castro.
- Delgado Gurriarán, F. (2022). *Bebedeira*. Vigo: Editorial Galaxia.

As citas que se mostran nos carteis da exposición son fragmentos literais de poemas do autor. Detállanse a continuación os poemas e obras onde aparecen:

- **Cartel 2.** Fragmento do poema "O rigueiro da miña aldea", en Gurriarán, R. (1999). *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada: Edicións do Castro.
- **Cartel 3.** Fragmento do poema "A miña terriña", en Gurriarán, R. (1999). *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada: Edicións do Castro.
- **Cartel 4.** Fragmento do poema dedicado ás retortas cepeiras e ao viño de Valdeorras, en Delgado Gurriarán, Florencio M. (1934). *Bebedeira*. Santiago de Compostela: Editorial Nós.
- **Cartel 5.** Fragmento do poema "Vento mareiro", tradución do orixinal "Brise Marine" por Mallarmé, S., en Castro, P., Tobío, L. e Delgado Gurriarán, F. (1949). *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*. Buenos Aires: Editorial Alborada.
- **Cartel 6.** Fragmento do poema "Guerrilleiro", en Gurriarán, R. (1999). *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada: Edicións do Castro.
- **Cartel 7.** Fragmento do poema "Cantarenas do castrapo", en Delgado Gurriarán, Florencio M. (1986). *O soño do guieiro*. Sada: Edicións do Castro.
- **Cartel 8.** Fragmento do poema "Volta", en Delgado Gurriarán, Florencio M. (1963). *Galicia infinda*. Vigo: Editorial Galaxia. Colección Salnés.
- **Cartel 9.** Fragmento do poema "Córgomo de Valdeorras", en Delgado Gurriarán, Florencio M. (1963). *Galicia infinda*. Vigo: Editorial Galaxia. Colección Salnés.

- **Cartel 10.** Fragmento do poema “Valdeorras”, en Delgado Gurriarán, F. (1981). *Cantarenas*. Sada: Edicións do Castro.

OUTRA BIBLIOGRAFÍA EMPREGADA

- Gurriarán, R. (1999). *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada: Edicións do Castro.
- Irmandade Galeguista e Grupo Saudade, (1942-1953). *Saudade*. México.
- Padroado da Cultura galega (1959-1968). *Vieiros*. México.
- VV. AA. (2002-2018). *Antoloxía. Vide, paisaxe, fala*. Córrego-O Barco de Valdeorras: Comisión da Homenaxe “As letras de Florencio”.

WEBGRAFÍA E OUTRAS FONTES NA REDE

- As letras de Florencio. <https://asletrasdeflorencio.gal/>
- Consello da Cultura Galega. Álbum de Galicia. *Florencio Delgado Gurriarán*.
<http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=1077>
- Delgado Vázquez, M. E. (16 de xaneiro de 2022). “O labor do exilio e a emigración segundo Florencio Delgado Gurriarán”. *Creando a túa provincia*.
<https://www.creandotuprovincia.es/o-labor-do-exilio-e-a-emigracion-segundo-florencio-delgado-gurriaran.htm>
- Delgado Vázquez, M. E. (17 de agosto de 2021). “Florencio Delgado Gurriarán, máis que poeta”. *O Sil*.
<https://www.osil.info/florencio-delgado-gurriaran-mais-que-poeta/>
- Galipedia. A enciclopedia libre. “Florencio Delgado”.
https://gl.wikipedia.org/wiki/Florencio_Delgado
- Real Academia Galega. *Dicionario*.
<https://academia.gal/dicionario>

As imaxes empregadas nas actividades foron descargadas de fontes con licenza Creative Commons ou gratuítas: Wikipedia-wikimedia, Pixabay, Freepick, pictogramas de ARASAAC.

A iconografía e os debuxos dos carteis están inspirados nalgúns imaxes destas fontes, pero tamén en fotografías que aparecen no libro de Ricardo Gurriarán: *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada: Edicións do Castro (1999); en fotografías

realizadas polos mestres do CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño; e na revista *Vieiros*.

A imaxe da portada interior é unha foto de detalle da escultura de Roi Domínguez situada na fachada da Biblioteca Municipal Florencio Delgado Gurriarán do Barco de Valdeorras.

As fotografías de Florencio Delgado Gurriarán que aparecen na guía pertencen ao arquivo familiar e foron cedidas para este uso grazas á xestión do Seminario Galán.


O fondo da guía didáctica (marca de auga) corresponde a unha edición dixital, realizada cunha aplicación gratuíta, a partir da fotografía do cartel número 1 da nosa exposición.

Outros softwares, contornos virtuais e tecnoloxías empregados de carácter gratuíta para creación e aloxamento de contidos dixitais son Drive de Google, Blogger, Codigos-QR.com, Educima.com, Genial.ly, Google, Kahoot.com, Picturedots.com, Symbaloo, Toontastic-Google, YouTube, Wikipedia (versións actualizadas: decembro 2021-xaneiro 2022).



O GUIEIRO DE FLORENCIO

<https://oguieirodeflorencio.blogspot.com/>



10

MIÑA
TERRA

“Á BEIRA
DO SIL
DEITADA,
PARA
OLLAR A TÚA
BELEZA”

VILAMARTÍN

RUBIÁ

A RÚA

O BARCO

PETÍN

LAROUCO

CARBALLEDA

A VEIGA

O BOLO

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN